

	 <p>Amigos da Terra</p>		amigosdaterra.net
--	---	--	-------------------

Amigos da Terra

Rúa Velázquez Moreno, 9 - 2º D. 36202 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: [34] 986 229 089

e-mail: info@amigosdaterra.net

REDUCE A TÚA PEGADA DE CARBONO!

Xornada didáctica na que se analizarán as principais fontes de emisións de CO₂, a nosa relación con esta produción e a capacidade que temos para influir na súa redución.

O obxectivo xeral é o de facerse conscientes do contexto climático no que nos atopamos e da súa evolución a medio prazo; analizando os problemas que supón para o medio e capacitándonos para ser parte de posibles solucións que minimicen o noso impacto ambiental e social, podendo incorporalas á nosa toma de decisións. Trátase de **demostrar e divulgar a viabilidade dunha pegada de carbono mínima**.

As Corcerizas é un exemplo vivo de aplicación de criterios de redución de emisións, polo que **obtivo o recoñecemento do premio Fondo de Sustentabilidade** que outorga [Hostelling International](#) por medio da rede de albergues xuvenís [REAJ](#). A través deste premio dase continuidade ao proxecto de soberanía enerxética, xa que permite incorporar unha serie de novas medidas que minimizan aínda máis a pegada de carbono: **instalación dun pequeno muíño eólico, a monitorización das enerxías alternativas** do centro e a construción de **muros radiantes de barro** crú como sistema eficiente de calefacción.

No marco deste proxecto, Amigos da Terra pon tamén en marcha este **programa escolar coa finalidade de facilitar aos centros escolares o acceso a coñecer e divulgar estas novas alternativas posibles**. Os/as participantes poderán **experimentar o funcionamento e beneficios de todas as medidas aplicadas para a redución de pegada de carbono**:

- Arquitectura bioclimática e materiais de **bioconstrución**: no deseño e construción do Centro foron empregados materiais saudables e respetuosos co medio en todo o seu ciclo de vida, elaborados no territorio próximo e minimizando a chamada “enerxía gris”. O alumnado comprobará medidas de **eficiencia enerxética tomando como exemplo os muros radiantes**: sistema que permite unha captación corporal de temperatura superior que nos solos radiantes, funciona a baixa temperatura, de fácil combinación con enerxías renovables, e moi saudable pola transpirabilidade do barro.
- **Enerxías renovables**: solar, microhidráulica e o novo aerogenerador eólico produtor de **5KW, que complementa a illa enerxética que autoabastece de electricidade as instalacións de As Corcerizas**. Un sistema enerxético totalmente independente da rede eléctrica convencional, que permite a súa **divulgación** cos datos recollidos fruto do sistema de monitorización implantado cun **sistema de supervisión remota**. O alumnado observará a captura de datos para determinar a

*amigos da terra forma parte de amigos de la tierra internacional [foei], unha federación de organizacións de todo o mundo activas en campañas para protexer o medio ambiente e crear sociedades sostibles
amigos da terra figura no rexistro central de asociacións co número 84/98*



disponibilidade de recursos enerxéticos locais, a parametrización e configuración de unha plataforma web cos datos específicos da xeneración minieólica e así poder analizar os valores para acadar melloras no sistema.

- **Alimentación local, ecolóxica e de tempada:** visualizarán a orixe dos alimentos tendo en conta as emisións de CO₂, a superficie necesaria para a súa produción a escala mundial e a pegada ecolóxica deste modelo.
- **Biodepuración das augas residuais e compostaxe da materia orgánica:** a materia orgánica separámola en orixe e con ela facemos directamente compost, abono. A fracción compostable dos residuos é unha das máis contaminantes do fluxo de residuos urbanos; os/as participantes comprobarán que a súa desviación dos vertedoiros e incineradoras pode contribuír a reducir significativamente a pegada de carbono. Tamén coñecerán un sistema alternativo para a depuración de augas, coa utilización de plantas acuáticas; humidal que absorbe e se nutre das cargas contaminantes e da materia orgánica, devolvendo a auga limpa ao medio e constituíndo un recurso de fixación de CO₂.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

- 11:00 - 11:30** Recepción do grupo. Presentación de Amigos da Terra e As Corcerizas
- 11:30 - 11:45** Xogo para introducir enerxías (con movemento)
- 11:45 - 12:15** Pegada de carbono. Causas e consecuencias; realización do “test de pegada”
- 12:15 - 13:45** Alternativas para a redución de pegada de carbono - ruta polo equipamento:
 - Comprensión do funcionamento dunha illa enerxética
 - Contacto directo coas fontes de enerxía renovable: eólica, microhidráulica e solar
 - Recollida de datos de interese co sistema de supervisión remota
 - De forma complementaria visitarase o filtro de macrófitas e a zona de compostaxe
- 14:00 - 15:00** Xantar
- 15:00 – 15:45** Reflexión e dinámica sobre os “alimentos quilométricos”
- 15:45 – 17:00** Realización de distintos xogos de reforzo da materia traballada: explicación, preparación dos grupos, posta en acción e conclusións
- 17:00 - 17:20** Avaliación e despedida

*amigos da terra forma parte de amigos de la tierra internacional [foei], unha federación de organizacións de todo o mundo activas en campañas para protexer o medio ambiente e crear sociedades sostibles
amigos da terra figura no rexistro central de asociacións co número 84/98*

